



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 16 DE DECEMBRO DO 2015

Ás 9.36 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Manuel-Reyes García Hurtado, José Daniel Pena Agras, Jesús Miguel Muñoz Cantero, Ana Barxa Cid e José Manuel Sobrino Heredia.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre a sesión e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

### 1. Informe do reitor

O **reitor** informa, en primeiro lugar, a celebración de CRUE e de Consejo de Universidades do 11 de novembro. Nesa reunión procedeuse á elección do novo presidente da CRUE (Segundo Píriz), e a aprobar algunhas modificacións nos seus estatutos, para adaptalos á presenza de universidades privadas. O Consejo de Universidades levou moitos asuntos de trámite, e rematáronse de informar as correspondencias de títulos aos niveis MECES. Tamén se levou a “seudoficha” para os estudos (profesionalizantes) de Náutica. O director xeral de política universitaria manifestou a súa vontade de estender a política de “seudoficha” (mínimos de contidos) para o resto de titulacións.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao **vice-reitor de Investigación e Transferencia**, quen informa, en primeiro lugar, da publicación de convocatorias de recursos humanos do MINECO (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva –formación e incorporación- e persoal técnico de apoio) e do MECD (FPU) e da previsión de publicación de convocatorias da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (predoutorais, posdoutorais de primeira e segunda etapa e consolidación – grupos de referencia competitiva e de potencial crecemento-) e as da Axencia Galega de Innovación (Conecta PEME, fondo proba concepto, un novo fondo en Galicia semellante ao NEOTEC, Oportunus junior, emprego xuvenil emprendedor e unidades mixtas de investigación). Por último, o vice-reitor da conta da creación da Cátedra HM Hospitais de Traumatoloxía do Deporte, da Cátedra Fundación INADE de Xestión do



Risco de do Seguro, do envío dos informes de avaliación da ANEP 2015 dos grupos, unidades e investigadores individuais, do inicio do proceso de avaliación pola ANEP dos institutos de investigación e da concesión do Premio Elsevier Atlas, aos investigadores da UDC Juan José Cartelle Barros, Manuel Lara Coira, María Pilar de la Cruz López e Alfredo del Caño Gochi polo seu artigo de investigación “*Avaliación da sustentabilidade global dos diferentes sistemas de xeración de electricidade*”.

Toma a palabra o **vice-reitor de títulos, calidade e novas tecnoloxías**, que informa que proximamente se sacará unha convocatoria para un programa de aprendizaxe-servizo, entre CUFIE e oficina de voluntariado, que permitirá incorporar á docencia novas metodoloxías que permiten utilizar os servizos á sociedade e a cooperación á sociedade como metodoloxía docente innovadora. Onte houbo xuntanza coa Secretaría xeral de universidades da Xunta, na que se abordou artellar un mecanismo de coordinación entre a oferta de formación continua ao profesorado de ensino non universitario e a formación que reciben os estudantes de grao e mestrado de capacitación de profesorado. Verbo do calendario de selectividade de setembro, os representantes da Xunta comprometéronse a valorar a situación o ano que ven, cando se produza o cambio de método desde a selectividade actual ao novo modelo da LOMCE. Verbo dos títulos de grao e mestrado e a recente modificación do Decreto 222/2011, os representantes da Xunta comentaron que foi adoptada hai dous anos, polo que non inclúe as máis recentes modificacións das instrucións aprobadas pola secretaria xeral de Universidades. Os representantes da UDC insistimos que esta política estaba facendo que a oferta de mestrados virase máis xeneralista e menos especializada, polo que cómpre buscar criterios de excepción dos umbrais impostos polo Decreto 222/2011 (20 alumnos para mestrado).

O **vice-reitor de profesorado e planificación docente** informa que a Xunta de Galicia só autorizou unha praza das tres CU de promoción solicitadas ao abeiro da disposición final segunda do Real Decreto-Lei 10/2015. Por non estarmos dacordo con esta interpretación tan restritiva, o vice-reitor anuncia a interposición de requerimento de modificación deste acordo da Xunta, en defensa dos intereses da Universidade. Informa tamén da convocatoria dunha praza de CIS P03 polo procedemento de urxencia.

A **vice-reitora de planificación económica e infraestruturas** informa, como é preceptivo segundo as bases do orzamento, que desde o último



consello de goberno houbo dúas reunións da comisión de Asuntos Económicos deste Consello de Goberno (o 25 de novembro e o 11 de decembro). Nestas reunións, a comisión foi informada da autorización pola vicerreitoría de dous expedientes de imputación ao exercicio corrente de obrigas xeradas en exercicios anteriores (V-0017-15 e V-0018-15) por un total de **76.229,60€**

Ademáis, nestas sesións a comisión validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2015 por importe de **420.399,42€** correspondente cos expedientes **C-0012-15, C-0013-15 e C-0014-15** de Intervención.

A vicerreitora informa ademáis de que, tal e como se fixo xa no ano electoral do 2011, vai promulgarse nos vindeiros días a resolución reitoral de prórroga do orzamento do 2015, establecendo mecanismos para que se poida executar gasto até que estea aprobado o orzamento de 2016:

- Contemplaranse compromisos plurianuais e expedientes anticipados de gasto. Garántese a dispoñibilidade do 40 % do resto e queda o 60 % en reserva. En capítulo 1 e capítulo 5, terase dispoñible o 100 % do crédito.
- En créditos finalistas: anúlase a anualidade 2015 e introdúcese a de 2016, sempre tendo en conta como límite a contía de 2015

Igual que en anteriores exercicios, os créditos estarán dispoñibles a partir dos primeiros días de xaneiro.

A **vicerreitora de relacións internacionais e cooperación** informa da recente publicación da convocatoria do programa de mobilidade intercontinental *Stella*, para o persoal de administración e servizos das universidades pertencentes ao Grupo Compostela.

No referente a convenios, infórmase da sinatura doutro convenio para atraer estudantes de doutoramento á UDC, esta vez coa universidade ecuatoriana de Loja, do que dera conta na última sesión do Comité de dirección da Escola Internacional de Doutoramento da UDC.

Tamén se informa de que co obxectivo de incrementar os proxectos de internacionalización e de captar estudantes estranxeiros para as titulacións da UDC, téñense establecido relacións académicas con países como China



e Vietnam que están a dar froito nestes días. En xaneiro chegará o primeiro grupo de estudantes chineses e vietnamitas que, logo de facer un curso intensivo de español no Centro de Linguas, ingresarán no curso 16/17 nos graos da UDC, en diferentes titulacións. Precisamente, hai dúas semanas recibimos a visita dunha delegación universitaria de Vietnam que valorou moi positivamente a nosa universidade e a propia cidade como destino dos estudantes internacionais.

Finalmente, se informa de que, no marco do Plan de apoio lingüístico da docencia en inglés (PALDI), esta semana abriuse unha nova convocatoria das actividades de acreditación dos PDIs que impartan docencia en inglés nas titulacións da UDC, dando cumprimento á Normativa que sobre este particular ten aprobado este Consello de Goberno na súa sesión de 30 abril 2015

**A vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa que no mes de novembro publicouse a resolución reitoral da concesión das bolsas para estudantes con necesidades educativas especiais matriculados nos centros propios da Universidade da Coruña.

Estas bolsas complementan as axudas de asistencia, transporte e adaptacións curriculares, que presta o servizo de Atención a Diversidade para os membros da comunidade universitaria con discapacidade.

O pasado venres, na Fundación ONCE entregáronse as bolsas do programa “Oportunidade ao talento”, para estudantes universitarios. Nesta convocatoria catro estudantes de distintas titulacións da Universidade da Coruña, obtiveron axudas para a realización de prácticas, doutoramento, e mestrado.

Comunicar tamén que o día 10 de novembro constituíuse a Comisión de apoio do ***Campus UDC***  $\equiv$  ***Universidade Saudable***, co que se da por completada a estrutura organizativa deste programa. Nesta comisión ademais do vicerreitor/a responsable da área de responsabilidade social, e o/a director/a do programa, participan representantes de Centros, Departamentos e Grupos de investigación. Para o cal solicitouse as direccións de Centros e Departamentos e responsables de Grupos de investigación relacionados con esta materia, a designación das persoas que de forma voluntaria participan nesta comisión. Sinalar a boa colaboración obtida nesta convocatoria que esperamos sirva para facer esta universidade mais saudable, mais sostible e mais solidaria.



En canto as actividades da OIX , na UDC somos conscientes e estamos moi preocupados como a sociedade en xeral pola terrible situación a que e afrontan as mulleres e os seus fillos que son vítimas da violencia machista, que provoca que moitas delas morren asasinadas polas súas parellas. Por isto dende a OIX colaboramos activamente nesta loita, desenvolvendo distintas actividades para conmemorar o Día Internacional contra a Violencia de Xénero:

- Así, presentouse un folleto informativo sobre o protocolo para a prevención e protección fronte ao acoso sexual e acoso por razón de sexo na UDC.
- O día 25 celebrouse o acto central na Facultade de Ciencias do Traballo no que se fixo Lectura da declaración institucional de rexeitamento á violencia de xénero, un documento elaborado polas universidades que forman parte da Rede de Unidades de Igualdade das Universidades Españolas para a Excelencia Universitaria. Neste mesmo acto fíxose entrega dos premios do III Concurso de Traballos Académicos de grao e mestrado con Perspectiva de Xénero Ángeles Alvariño e do 3º Certame Fotográfico Rosalind Franklin “As mulleres na ciencia e na Tecnoloxía”.
- Tamén as tres universidades galegas en colaboración con a Secretaria Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia levamos a cabo unha campaña de sensibilización na que baixo o título "Un selfie contra o mal amor" o estudiantado puido participar amosando o seu rexeitamento á Violencia de Xénero.
- Tamén nestas datas o Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC organizou na NORMAL unha conferencia sobre “A historia do movemento feminista galego”.

Por último, a vicerreitora informar que o día 20 de novembro entregáronse os premios de investigación Enxeñeiro Comerma e Antonio Usero. Como saben estes premios que recoñecen traballo realizados no ámbito da Enxeñería Industrial e nas Ciencias da Saúde, son convocados conxuntamente pola UDC e o Concello de Ferrol. Nesta convocatoria os premios recaeron no catedrático de Electrónica da Universidade autónoma de Barcelona profesor Dr. Ferrán Martín e o investigador do mesmo



departamento Dr. Jordi Naqui. E no Dr. Carlos García González e o seu equipo da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela.

O **secretario xeral** informa que, tras as eleccións á reitoría do pasado día 3 de decembro, o procedemento electoral culmina hoxe coa proclamación definitiva como candidato electo do profesor doutor D. Julio Abalde Alonso. Unha vez rematado o consello de goberno, a certificación da proclamación anterior será enviada á Xunta de Galicia para que se eleve o nomeamento a Decreto da Xunta de Galicia, probablemente no Consello do día 30 de decembro. A toma de posesión do novo reitor terá lugar con toda probabilidade o martes 12 de xaneiro, se a axenda do Presidente da Xunta non o impede.

## **2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de outubro do 2015**

O secretario xeral somete á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 27 de outubro.

A acta é aprobada por asentimento.

## **3. Contratos e convenios**

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión en dous (2) convenios marco, trinta e dous convenios específicos (32), e setenta e seis convenios para prácticas (76) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

O secretario xeral engade que o ano remata cun total de 28 convenios marco, 160 convenios específicos e 658 convenios para prácticas tramitados.

A listaxe apróbase por asentimento.

## **4. Aprobación da proposta de premios extraordinarios de grao, arquitectura, arquitectura técnica, enxeñaría, enxeñaría técnica, diplomatura e licenciatura 2014-2015**



O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de títulos, calidade e novas tecnoloxías, quen solicita a aprobación da relación de premios extraordinarios que elevan os centros, unha vez tramitados os correspondentes procedementos de avaliación. Hai un certo número de premios que quedan desertos. Comenta que o premio extraordinario do Grao en ADE e en Dereito foi gañado pola mesma persoa que facía a dupla titulación.

Moisés Canle solicita aclaración sobre o número de premios que quedan desertos.

Anxo Calvo pregunta se non sería posible conceder os premios de oficio, sen instancia do interesado. Manuel Casteleiro tamén incide nesta opinión, respecto dos premios á excelencia no bacharelato.

O reitor replica que esta cuestión foi xa abordada noutras ocasións, e do punto de vista xurídico, non cabería iniciar de oficio este tipo de procedementos. Non obstante, considera que sempre se pode darlle unha volta, aínda que o mellor é resolvelo coa información desde os centros aos estudantes potenciais.

Ana Iglesias fai un chamado á responsabilidade do estudantado.

Gillermo Lorenzo considera unha idea interesante a de que sexan os centros os que inicien o procedemento de premios de oficio.

María Jesús Lorenzo Modia considera que é unha obriga dos centros informar da apertura do prazo de solicitude dos premios.

Julio Abalde distingue entre premios de títulos universitarios e de bacharelato. Tamén aclara que hai premios dos que quedan desertos nas titulacións en extinción (licenciaturas e enxeñarías), onde os expedientes son baixos con frecuencia. O premio é un mérito individual, polo que debe ser solicitado polos estudantes. Os centros terán que facer un esforzo de difusión e información para todos os potenciais interesados e interesadas.

Tras o debate anterior, o punto apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

## **5. Renovación dos títulos propios de posgrao**



Toma a palabra de novo o vicerreitor de títulos, calidade e novas tecnoloxías para expor resumidamente a ficha de renovación do mestrado interuniversitario (título propio) en xestión e planificación portuaria e intermodalidade.

Apróbase por asentimento e incorpórase a ficha como **Anexo VI**

## **6. Proposta de premios á excelencia académica no bacharelato**

O reitor cédelle a palabra á vicerreitora de estudantes, deportes e cultura para explicar a proposta elevada pola comisión académica con data de 19 de novembro, aclarando primeiro lugar as canles de difusión desta convocatoria: direccións de Centros e Decanatos, direccións de Departamentos, Coordinacións de Plans de Acción Titorial, Coordinacións de Títulos, Coordinadores dos primeiros cursos, listaxes do estudantado e listaxes do profesorado e mais SAPE. O número de solicitudes foron 102 repartidas entre os 28 graos que figuran na documentación anexa a este punto da orde do día.

Apróbase por asentimento e incorpóranse como **Anexo VII**

## **7. Autorización da creación de Terravanza, Gabinete de Estudos Territoriais Avanzados SL (spin off)**

Toma a palabra o vicerreitor de investigación e transferencia para solicitar a autorización para impulsar a creación dunha empresa de base tecnolóxica, Terravanza Gabinete de Estudios Territoriales Avanzados SL. A empresa participada pola UDC é impulsada por Carlos Nárdiz Otero, profesor de urbanismo na Escola de Camiños, Rubén Nieto Seijas, estudante matriculado en Camiños, Gael Sánchez Rivas, enxeñeiro de Camiños, canais e portos e doutorando na área de urbanismo, Pablo Regueira Pacín e Adolfo Fernández Seijo.

A UDC tería unha participación do 5% no capital social da SL, repartíndose o resto de capital social entre os parceiros.

O vicerreitor explica que todos os informes do expediente son favorables. No entanto, sinala dous cambios propostos en relación coa documentación achegada. Trátase dun cambio no domicilio social proposto (a efectos rexistrals) pasando a ser o Edificio de Servicios Centrais de Investigación,





en lugar do CITIC, e do cambio dun consello de administración a un administrador único, que recaería no socio Rubén Nieto Seijas. Iste cambio está en consonancia coas condicións pactadas no contrato de socios e non supón problemas de compatibilidade, por non ter esta persoa vinculación laboral coa UDC.

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do consello de goberno para a súa elevación ao Consello Social e incorpórase como **Anexo VIII**

### **8. Integración do Instituto Universitario de Ciencias da Saúde (IUCS) no Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC).**

Continúa coa palabra o vicerreitor de investigación e transferencia para explicar o punto.

Trátase dos trámites de integración do Instituto de Ciencias da Saúde no INIBIC, unha vez que o consello do Instituto aprobou no seu Consello (con data de onte) a proposta de integración. Esta integración ten a ver coa coincidencia de obxectivos e de persoal entrambos institutos, así como a necesidade de potenciar a liña de investigación biomédica (o INIBIC foi recentemente acreditado a nivel nacional), e carecer o IUCS de persoal suficiente, de modo que se aplica o artigo 9.1 do Regulamento de Institutos Universitarios: aprobación da fusión en Consello de Goberno, denuncia do convenio de creación do IUCS, addenda do convenio co INIBIC para subrogar o persoal e funcións do IUCS.

Xosé Manuel Portela considera que a situación é kafkiana, porque se debería reflectir na RPT que se trae hoxe a aprobación o cambio de adscrición da praza ao INIBIC. Debería terse comunicado este cambio á representación dos traballadores. Considera que esta situación non se debe reproducir no futuro noutros institutos, como o de Estudos Marítimos, que a avaliación da ANEP coloca en mala posición.

O vicerreitor replica que o comezo dos trámites de integración faise agora. Sendo isto o inicio do procedemento de fusión, haberá que seguir tramitando todos os pasos que correspondan, incluída a modificación do posto de traballo previa negociación cos representantes dos traballadores. O xerente redundo nesta idea.

Tras o anterior debate, apróbase por asentimento, e incorpórase como **anexo IX**.



## 9. Aprobación, se proceder, das contas anuais 2014 da UDC

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen explica que se traen as contas íntegras, unha vez rematada a liquidación financeiro-patrimonial das contas, que estaba pendente da auditoría. Neste sentido, o xerente destaca o incremento de información sobre a liquidación orzamentaria. Resumindo a situación que deixa a liquidación, increméntase o activo e o patrimonio neto, pola incorporación de novas construcións e edificacións (Area científica, sedes do CICA, e CITIC). Comenta tamén o resultado positivo da auditoría das contas.

Nona Inés Vilariño anuncia a súa abstención para non prexulgar a súa posición no Consello Social que terá lugar pola tarde.

José Venegas advirte que a rendición da conta é tardía: faise no mes de decembro do exercicio seguinte ao auditado, cando as normas de auditoría no sector público aconsellan que se faga a liquidación durante o primeiro semestre do seguinte exercicio. O xerente opina que, en efecto, é necesario facer un esforzo para lograr rendir a conta completa durante ese período dos seis primeiros meses.

Apróbase por asentimento e incorpórase o acordo como **anexo X** á acta deste Consello de Goberno.

## 10. Expediente de modificación da RPT do PAS

O xerente expón os principais aspectos da modificación da RPT de PAS, que conta co informe favorable (recibido onte) da Consellaría de Facenda da Xunta de Galicia. Trátase dunha RPT xa integramente de funcionarios, que se revisa pola obriga de revisala cada dous anos, e para acoplar os postos de traballo que foron funcionarizados ás escalas existentes, para facilitar os procesos de promoción e carreira administrativa. Dótase un posto novo na OTRI; refórzase cun posto a Oficina de Relacións Internacionais e introdúcense perfís lingüísticos de postos da ORI, ademáis de crearse un posto de traballo na xerencia para a xestión da contabilidade analítica. Todos os postos créanse por amortización doutros postos de traballo que estaban dotados, mais vacantes.

Xosé Portela subliña que isto conclúe un proceso iniciado en 2012 coa funcionarización do PAS laboral. Chégase así ao corpo único de PAS,



homologando as escalas especiais á escala xeral do PAS, o que foi unha reivindicación histórica do colectivo. Tela acadado propicia a carreira administrativa e a provisión de postos de traballo dun xeito homoxéneo. Conta co apoio unánime da xunta de persoal e o apoio maioritario dos traballadores, recabado por voto electrónico.

Apróbase por asentimento e incorpórase como **anexo XI**

### **11. Proposta de modificación de tribunais de prazas de PDI dos corpos docentes**

O vicerreitor de profesorado e planificación docente solicita a modificación da proposta de tribunal para a provisión da cátedra de universidade autorizada pola Xunta por promoción interna para a área de física aplicada. O tribunal fora aprobado polo Consello de Goberno xa en maio do 2012, polo que houbo que actualizar os postos de algúns profesores que xa faleceron ou se xubiláron.

Apróbase por asentimento e incorpórase como Anexo XII.

### **12. Proposta de modificación de dedicación do PDIs. Curso académico 2015/2016**

O vicerreitor de profesorado e planificación académica solicita a modificación da dedicación dos seguintes docentes:

- María Barreiro Gen, CIS P04 da área de fundamentos de análise económica, que pasaría a dedicación P06 por falta de capacidade docente da súa área.
- Natalia Yanaina Rivas Quarneti, CIS da área de enfermaría, cuxa dedicación pasaría de P04 a TC até remate do curso por baixa por IT doutra profesora asociada da área.
- Verónica Robles, da área de fisioterapia, CIS P04 que pasaría a TC até maio para asumir maior encargo docente por falta de capacidade na área.

Contan co informe favorable da COAP e da mesa sindical. Apróbanse os cambios por asentimento e incorpóranse á acta como Anexo XIII.



### **13. Proposta de modificación de área de coñecemento**

O vicerreitor de profesorado e planificación docente solicita modificar a área de adscrición do profesor César Andrés Vidal Feal, TEU a tempo completo que pasaría da área de enxeñaría de sistemas e automática á área de enxeñaría dos procesos de fabricación, dentro do mesmo departamento (enxeñaría industrial). O cambio ten o informe favorable deste último, así como da COAP e da mesa sindical.

Apróbase por asentimento e incorpórase á acta como Anexo XIV.

### **14. Quenda aberta de intervencións**

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

Nona Inés Vilariño da testemuña do seu agradecemento ao reitor pola súa acollida neste Consello de Goberno, como representante do Consello Social. Tamén agradece a súa colaboración permanente e construtiva coa cidade e as institucións de Ferrol, que deu lugar a frutos indubidables. Comenta tamén as negociacións para a creacion da Cátedra Concepción Arenal para o campus de Ferrol, que apoiou o reitor desde o primeiro momento, aínda que a creación está detida por outros motivos. Finalmente, agradece o trato integrador recibido pola equipa de goberno e todo o consello de goberno, que a tratou como un membro máis da comunidade universitaria.

Guillermo Lorenzo pregunta pola convocatoria de bolsas doutorais Inditex do ano que ven. O vicerreitor replica que non ten datas aínda. Cónstalle que desde a EIDUDC están en contacto con Inditex para axilizar todos os trámites.

Alberto Franco parabeniza ao novo reitor electo, e lembra o amplo apoio que tivo do estudantado. Tal apoio non é un cheque en branco. Os representantes de estudantes velarán para que as promesas feitas durante a campaña se convirtn en realidade durante o seu mandato (bonobus universitario, mais prazas nas residencias públicas, uso do galego, maior transparencia, reforma da participación do estudantado no goberno da UDC).



Maria del Carmen Fernández pregunta se é posible coñecer os baremos de avaliación utilizados pola ANEP no proceso que rematou a semana pasada. Pregunta tamén por que se recibe agora, cando hai moi poucos días hábiles para facer alegacións. O vicerreitor comenta que a vicerreitoría fixo unha revisión de oficio do informes, polo que se tardou un pouco máis en dar os resultados.

Fernanda Miguélez pregunta que problema hai coa avaliación do Instituto de Estudos Marítimos. Explica como enfocou a avaliación deste Instituto, do que é directora. O vicerreitor considera que non hai problema ningún, que a ANEP adaptárase á multidisciplinabilidade do Instituto.

Moisés Canle critica a proliferación de convocatorias no período de Nadal, tanto estatais, como autonómicas. Agradece ao reitor e á equipa saínte a súa colaboración permanente co seu centro.

Fernando Agrasar sómase ao agradecemento ao reitor e á equipa de goberno polo seu traballo e dedicación, e disponibilidad para colaborar na xestión dos problemas do seu centro.

Inés Pernas sómase aos parabéns dos anteriores intervintes, e pregunta cando se pecha o pagamento a provedores do exercicio 2015. O xerente di que se están ordenando pagamentos con normalidade, en función das transferencias que vai mandando a Xunta de Galicia.

Tras as anteriores intervencións, o reitor aproveita para despedirse, no seu nome e no da súa equipa de goberno, por ser este o seu último consello de goberno.

Xosé Luís Armesto agradece sinceramente todo o traballo realizado entre todos durante estes anos, con independencia das lexítimas discrepancias. Ese traballo redundou, considera, en beneficio da institución. Se temos unha boa universidade pública é polo traballo diario de todos e todas. Tamén, dun sistema de goberno que cumpre defendermos, porque permite o contraste, o debate e a corresponsabilidade dos sectores, dos centros, das distintas sensibilidade, no goberno da institución. Quizá por iso, moitos dos temas do consello de goberno se aprobaron durante estes anos por unanimidade. Os últimos catro anos foron moi duros para todas as universidades. Tamén para a nosa. Como dixo o presidente saínte da CRUE, Manuel Ramírez, estes foron sen dúbida os piores desde a transición democrática. E apesar diso, a institución atravesou o fogo



razonablemente íntegra. Podemos encarar o futuro con esperanza. Esa é tamén a idea da felicitación de Nadal deste ano, para cuxa expresión cítase unha frase da Balbino, o protagonista da obra senlleira do finado Neira Vilas. Un neno pobre do noso país, que tamén podería ser calquera cativo refuxiado dos que están a chegar ás portas de Europa co soño dunha vida mellor (o reitor emociónase). O consello de goberno prorrompe en aplausos, cos que a sesión dase por rematada sendo as 11:35 horas.

Do que eu, como secretario, dou fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito